

Xela Arias

Letras Galegas 2021



Vida e obra

- Nace o 4 de marzo de 1962 en Sarria (Lugo) e vive parte da súa infancia na Granxa de Barreiros.
- A “Fraga dos paxaros faladores e a fraga leopárdica” foi a primeira escrita coa que gañou un concurso literario con 11 anos.
- Nos seus incios o seu nome era “María de los Ángeles”; en 1984, “María dos Anxos”, e finalmente, en 1995, “Xela”.
- En 1980 decide non presentarse ós exames do COU (2º de bacharelato) e comezar unha vida independente.




- En 1982, dada a aparición do movemento feminista, comeza a publicar poemas a modo de reivindicación dos dereitos da muller.
- Xela Arias escolle unha posición extrema para escribir, e constrúe unha poética que desafía os modelos convencionais.
- Ademais non se preocupaba en exceso pola recepción da súa obra: levaba un camiño moi persoal.

- Traballou en Edicións Xerias e na docencia, a cal exerceu como ocupación laboral principal.
- En 1991 decide retomar os estudos matriculándose na carreira de Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo e máis tarde na de Galego-Portugués.
- Xela sería durante a súa vida escritora, tradutora, editora e docente.
- As súas obras máis destacadas son: *Denuncia do equilibrio*, *Tigres coma cabalos*, *Darío a diario* e *Intempériome*.
- Falece en Vigo o 1 de novembro de 2003.
- En 2018 publícase *Xela Arias. Poecía reunida (1982-2004)*.



Obra poética



- *Denuncia do equilibrio* (1986)
- *Lili sen pistolas* (1986)
- *Tigres coma cabalos* (1990)
- *Darío a diario* (1996)
- *Intempériome* (2003)
- *Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004)* (2018)

Traducións (escolma)

- 1983: *Caballum*, de Carlos Oroza (do castelán)
- 1986: *Amor de perdición*, de Camilo Castelo Branco (do portugués)
- 1986: *Contos ó teléfono*, de Gianni Rodari (do italiano)
- 1986: *O Gato Gaiado e a Andoriña Señá: Unha Historia de Amor*, de Jorge Amado (do portugués)
- 1987: *O bosque animado*, de Wenceslao Fernández Flórez (do castelán)
- 1989: *As bruxas*, de Roald Dahl (do inglés, cotraducido)
- 1990: *Dublinese*, de James Joyce (do inglés, cotraducido)
- 1990: *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha*, de Cervantes (do castelán, cotraducido)
- 1993: *Camiñando sobre as augas*, de José Viale Moutinho (do portugués)
- 1993: *O derradeiro dos mohicanos*, de James Fenimore Cooper (do inglés)
- 1995: *A carta en clave*, de Jan Terlouw (do neerlandés)
- 2000: *Drácula*, de Bram Stoker (do inglés)
- 2004: *O Spleen de París*, de Charles Baudelaire (do francés, póstumo)

Denuncia do equilibrio (1986)

**Son quen de poñer todo na túa man
de esquecer falados repentinos
e sombras doutras falas que me arroupan**

**Son quen de verquerche brazos de contos
brazadas xa ves de melodías**

**Pero deixa agora
que esquezan os nosos nomes os paxaros que
[ensinamos
e volvan novos ó tempo da inocencia
e... deixa deixa agora que esquezamos
onde van os nosos corpos en traslado**

**Entón serei eu quen lle preste
ó teu sono fontana de xazmín
...e as augas novas**

A opinión de Elena Vila (1º BACH C)



Cando Xela escribe, tenta transmitir unha idea expresándoa libremente, á marxe dos modelos poéticos. Faino incluso nos poemas máis breves, de apenas dous versos, nos que se concentra unha morea de sentimentos.

Darío a diario (1996)

Darío a diario.

Invasión que se me convén fantástica.

Invasión sen ocasión.

**Invadíuseme a vida de cueiros e biberóns,
de roupiñas pequenas e xoguetes de cores,
de risas, choros, agarimos, agarimos.**

Darío a diario.

**A túa man ocupa un cuarto da miña xigante,
por iso deteste un pouco tantas palabras.**

Todas para ti, ison a rainha parlante!,

iemperatriz de sonidos guturais en diante!

A opinión de Alba Argones
(1º BACH A)

Este poema representa con claridade o amor incondicional dunha nai polo seu fillo. Xela en todo momento fai ver a profunda admiración que sente por Darío, pero tamén amosa as dúbidas que lle presentaba a maternidade, algo que se afastaba bastante da poesía do momento.



